



Concello de Cuntis

BANDO

D. MANUEL CAMPOS VELAY, ALCALDE DO CONCELLO DE CUNTIS

FAI SABER:

Que o prazo para matricularse na **ESCOLA MUNICIPAL DE IDIOMAS DE CUNTIS para o curso 2021/2022** estará aberto **do 13 ao 27 de setembro**, ambos inclusive.

Destinado a nenos e nenas, desde os 3 anos, e público adulto. Este curso iniciárase o 1 de outubro e rematará o 31 de maio, podendo prolongarse ata o 14 de xuño. Os períodos vacacionais e de descanso coincidirán co calendario escolar da Xunta de Galicia.

Os idiomas a impartir son inglés e francés en distintos niveis, segundo a demanda.

PREZO:

-10 euros de MATRÍCULA

-15 euros ao mes

Terán preferencia:

1º-Alumnado matriculado no curso pasado

2º-As persoas empadroadas no Concello

3º-Por orde de inscrición

Debido á situación xerada pola crise sanitaria do COVID-19, xunto coa solicitude de matrícula deberán asinar a Declaración Responsable de compromiso de cumprir coas normas sanitarias vixentes en cada momento.

As solicitudes deberán presentarse persoalmente no Rexistro do Concello de Cuntis ou a través da Sede electrónica:

<https://concellodecuntis.sedelectronica.gal>.

Os impresos pódense recoller persoalmente en horario de mañá, de 8:30 a 14:00 horas, na OMIX, descargar da páxina

<https://concellodecuntis.org/es-es/documentos/0/participacion-ciudadana>

ou solicitando por correo electrónico ao seguinte enderezo

omix@concellodecuntis.es

**O ALCALDE,
MANUEL CAMPOS VELAY**

(ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)

